



PLAN DIXITAL

CEIP DE REFOXOS

Versión 1.0_ xuño 2022

Índice do Plan Dixital

1. Introducción

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1.- Datos básicos do centro

Nome do centro: CEIP de Refoxos

Enderezo: Loureza s/n – 36779 Oia (Pontevedra)

Correo-E: ceip.refoxos@edu.xunta.gal

Web: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipderefoxos/>

Etapas educativas: Infantil e Primaria

Nº de alumnado: 44 crianzas

Profesorado: 6 docentes

1.2.- Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

Característica socioeconómicas e culturais do contexto do centro

O CEIP de Refoxos é un colexio rural que está situado no lugar de Refoxos, na parroquia de Loureza, pertencente ao concello de Oia e a nosa área de influencia abarca as dúas parroquias do interior: Loureza (Mabia, Santa Comba, Acevedo, Novo Barrio, Loureza, Refoxos) e Burgueira (Eidos de Arriba, Torroña, Eidos de Abaixo, Viso, Vilariño, Bonaval, Outeiro, Burgueira)

Incardinación e contribución do PD ao Proxecto Educativo. Relación con outros Plans e proxectos do centro.

O Plan Dixital, en coordinación co Plan TIC, vai ser unha ferramenta práctica ao servizo dunha das liñas de traballo e mellora contempladas no Proxecto Educativo: a integración na vida escolar dos recursos audiovisuais, informáticos e tecnolóxicos necesarios para favorecer o traballo nas aulas, apoiar o labor educativo e permitir a participación activa do noso centro nos entornos virtuais.

Contribución do PD á Programación Xeral Anual do curso 22/23

Incluiremos a avaliación do Plan Dixital nos diferentes trimestres xunto co resto dos ámbitos co fin de mantelo sempre actualizado dunha forma práctica e adaptada ás nosas necesidades.

1.3.- Breve xustificación do mesmo

Este Plan Dixital surxe da necesidade de analizar de forma sistemática a situación do centro en canto á integración das TIC nas actividades e procedementos desde o punto de vista do equipamento necesario, da formación do profesorado e da implicación das familias e das entidades colaboradoras co obxectivo de mellorar curso tras curso ás competencias dixitais de toda a comunidade escolar.

1.3.1.- Lexislación de referencia

Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación

Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022.

Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021-2022.

Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.

1.4.- Proceso de elaboración

FASE I. ANÁLISE E DIAGNOSE DE SITUACIÓN DO CENTRO

SELFIE: Análise da situación inicial.

Test de Competencia Dixital Docente.

Informe DAFO

FASE II. DESEÑO E ELABORACIÓN

Obxectivos do plan de acción.

Elaboración do Plan Dixital a partir de toda a información acadada.

FASE III. IMPLEMENTACIÓN, SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

2. Situación de partida

2.1.- Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

Infraestrutura dixital do centro:

- Conectividade a Internet por cable.
- 1 liña de voz.
- Puntos WIFI en todas as dependencias. Escolas conectadas.

Equipamento dispoñible e identificación dos usos segundo as seguintes categorías:

5 aulas dixitalizadas con pizarra dixital con canón. Unha das pizarras ten un portátil que non é E-DIXGAL. 1 equipo de xestión e administración

1 equipo de xestión da biblioteca

4 equipos a disposición do alumnado na biblioteca

1 equipo para uso na sala de profesorado

1 equipo en cada unha das dúas aulas de Primaria que non son EDIXGAL para crear os recunchos TIC.

0 equipos ultraportátiles para aula móbil,

0 aulas de informática

0 dotacións para proxectos específicos

Proxecto E-DIXGAL: 4 portátiles para o profesorado, que se utilizan para dar servizo ás PDI das aulas dixitalizadas, 6 portátiles para o alumnado de 5ºEP-6ºEP e un armario de carga.

Servizos dixitais educativos

- Web do centro
- Aula virtual
- E-DIXGAL
- EspazoAbalar
- Abalarmóbil
- Drive

Xestión do mantemento do equipamento do centro Asistencia técnica da UAC e Premium (para Edixgal).

Enlaces a protocolos do centro relacionados coas TIC:

2.2. - Fontes empregadas para a análise DAFO

Autoavaliación SELFIE:

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.	2,3				
	Profesorado	3,2				
	Alumnado	-				
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	2,7				
	Profesorado	3,1				
	Alumnado	3,5				
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	2,7				
	Profesorado	3,3				
	Alumnado	3,6				
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	3,3				
	Profesorado	3,9				
	Alumnado	-				
E- Pedagogía: Apoyo e Recursos	Equipo Direct.	4				
	Profesorado	3,9				
	Alumnado	-				
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	3				
	Profesorado	3,1				
	Alumnado	3,6				
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	2,3				
	Profesorado	2,5				
	Alumnado	-				
H- Competencias dixitais	Equipo Direct.	3				

do alumnado	Profesorado	3,4			
	Alumnado	4,1			

Test CDD:

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	1	1	100%
PROVISIONAL	2	2	100%
INTERINO	2	3	66,7%

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
60	Explorador/a (A2)	76,4	Integrador/a (B1)

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
INF	50	Explorador/a (A2)	68,2	Integrador/a (B1)
PRI	70	Integrador/a (B1)	77	Integrador/a (B1)

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1		
A2	3	75%
B1	1	25%
B2		
C1		
C2		
TOTAL	4	100,00%

2.3. - Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	O grupo de 5ºEP-6ºEP ten dispositivos individuais na súa clase, con conectividade exclusiva e asistencia técnica do servizo Premium grazas a EDIXGAL.	Falta de equipamento nos recunchos TIC das aulas de infantil a 4º EP. O profesorado que non imparte docencia nos cursos EDIXGAL non contan cun portátil para utilizalo como ferramenta de traballo. Os ordenadores quedaron obsoletos e non están á altura da conexión actual a Internet.
	PERSONAL DOCENTE	Habitualmente utiliza Internet para buscar recursos. Implícase no desenvolvemento da estratexia dixital. Ten boa disposición para	A plantilla de profesorado non é estable, estase renovando case cada curso. Necesidades formativas do profesorado:

		recibir formación neste ámbito.	radio, robótica, E-DIXGAL, aula virtual. Falta de tempo para a coordinación e creación de recursos educativos.
	PERSONAL NON DOCENTE	O centro non conta con persoal non docente.	O centro non conta con persoal non docente.
	ALUMNADO	Aprende a comunicarse utilizando as TIC de forma segura e responsable. Temos grupos pouco numerosos con moita motivación para utilizar as TIC.	Non utiliza as TIC para reflexionar sobre as súas aprendizaxes. A maior parte do noso alumnado, debido en parte á súa curta idade, non conta coa competencia básica necesaria para desenvolverse en entornos virtuais de aprendizaxe de forma autónoma.
	FAMILIAS	Un número reducido de familias amosan interese por este ámbito. Hai varios cursos que todas as familias utilizan AbalarMóbil de forma habitual. Cada vez hai máis familias que fan os trámites administrativos utilizando a sede electrónica.	Pouca formación e contacto coas TIC no día a día. Precisan formación no uso de: aula virtual, Abalar, seguridade na rede, manexo da información.
	OFERTA	Páxina web permanente actualizada. E-DIXGAL. Aula Virtual. Acceso á conexión WIFI na biblioteca.	É preciso darlle impulso ao uso da aula virtual no día a día. Temos que mellorar a oferta de actividades relacionadas coas TIC que ofrece a biblioteca tanto en horario escolar como extraescolar.
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	Implicación do equipo directivo coa transformación dixital. Comunicación regular cos docentes e familias. Participación en redes profesionais.	Pouco tempo para poñer en común a organización das iniciativas. Imposibilidade de ter tempo de dedicación exclusiva ás TIC para preparar ás clases ou recibir formación durante en horario lectivo.

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	Mellora na atención técnica. PFPP no centro adaptado ás nosas necesidades e circunstancias.	Falta de recursos humanos. Falta de tempo de coordinación. Falta de equipamento. Falta de estabilidade da plantilla de profesorado. Falta dun catálogo básico de equipamento de referencia.
	LEXISLACIÓN	Elaboración e deseño dun plan dixital contextualizado.	Cambios de lexislación que consumen moito tempo de formación e adaptación. Excesiva burocracia que aumenta cada curso.
	CONTORNA		Entorno rural con conexión a Internet moi inestable. Despreocupación polo bo uso das TIC nos fogares. Familias de nivel socioeconómico mediobaixo que enfrontan prezos elevados tanto á hora de adquirir equipamento como de sufragar unha conexión a Internet operativa.
	ANPA	Implicación e colaboración nas actividades do centro.	

	OUTRAS ENTIDADES	Implicación e colaboración do concello de Oia. As comunidades de montes.	
--	-------------------------	--	--

3. Plan de Acción

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Secuencia de pasos seguida para elaborar o Plan de Acción a partir da análise DAFO

Establecéronse as áreas prioritarias e determináronse os obxectivos que queremos conseguir. Os obxectivos están contextualizados a áreas de mellora en relación coas do marco DigCompOrg.

Para cada obxectivo cumprimentouse unha táboa que recolle esta información. A mesma táboa empregárase para facer o seguimento de cada obxectivo na fase de avaliación do Plan.

Área/s de mellora: C. INFRAESTRUTURA E EQUIPAMENTO							
OBXECTIVO 1:	Solicitar e desenvolver o programa "Polos Creativos"					Acadado	
Responsable:	Dirección					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Creación e desenvolvemento do "polo creativo". (observación)						
Valor de partida:	Non existe o "polo creativo".						
Valor previsto e data:	Creación e desenvolvemento do "polo creativo".				3er trimestre		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN		ESTADO	
AO1.1: Levar a cabo unha xuntanza para realizar unha análise inicial das necesidades.	Profesorado Dirección	30/09/2022	Acta da xuntanza			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
AO1.1: Solicitar o "Polo creativo" que nos permita mellorar o equipamento.	Profesorado Dirección	30/09/2022	Documentación de solicitude			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
AO1.2: Buscar e desenvolver formación para o profesorado relacionada co polo creativo	Dirección/ CFR	10/12/2022	CFR, dispositivo.			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
AO1.3. Desenvolver as actividades propostas	Titorías	3er trimestre	Equipamento polos creativos.			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	

AO1.4. Elaborar a memoria	Dirección	3er trimestre			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: D. DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL CONTINUO							
OBXECTIVO 2:	Actualizar o PFPP que se está a desenvolver en función ás necesidades do profesorado (D1*)				Acadado		
Responsable:	Dirección				Non acadado		
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	<ul style="list-style-type: none"> Análise inicial da formación do profesorado en setembro. (observación) Implementación das sesións de formación necesarias. (observación) 						
Valor de partida:	<ul style="list-style-type: none"> Non hai análise inicial Desenvolvemento de sesións de formación sen ter en conta as necesidades do profesorado 						
Valor previsto e data:	<ul style="list-style-type: none"> Realización da análise inicial Desenvolvemento de sesións de formación en CD adaptadas ás necesidades do profesorado 			15/06/2023			
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN		ESTADO	
AO2.1: Recoller información sobre a formación do profesorado novo	Dirección	30/09/2022	Acta da xuntanza			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
AO2.2: Analizar as necesidades formativas de partida.	Membros do Claustro	30/09/2022	Acta da xuntanza			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	

AO2.3: Chegar a un acordo no Claustro sobre que liñas de formación solicitar en base ás necesidades atopadas.	Membros do Claustro	30/09/2022	Acta da xuntanza	Realizada	
				Aprazada	
				Pendente	
AO1.4. Levar a cabo a formación	Membros do Claustro	3er trimestre	Materiais necesarios para a formación.	Realizada	
				Aprazada	
				Pendente	

(D1. Necesidades de DPC)

Área/s de mellora: E. PEDAGOXÍA. APOIO E RECURSOS						
OBXECTIVO 3:	Ampliar e mellorar o partido que lle estamos sacando á Aula Virtual (AV) (E3*)				Acadado	
Responsable:	Profesorado				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Profesorado que utiliza a AV (enquisa) Alumnado que coñece e emprega a AV (enquisa)					
Valor de partida:	O 0% do profesorado utiliza a AV O 0% do alumnado coñece o funcionamento da AV e a emprega					
Valor previsto e data:	O 75% do profesorado utiliza a AV O 75% do alumnado coñece o funcionamento da aula virtual e a utiliza.			30/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO3.1: Utilizar a AV como recurso na aula.	Profesorado	30/06/2023	Aula Virtual		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

A03.2: Realizar formación de usuarios co alumnado.	Profesorado	30/06/2023	Aula Virtual	Realizada	
				Aprazada	
				Pendente	
A03.3: Utilizar a AV como recurso de información e formación sobre o seu uso para ás familias.	Profesorado Dirección	30/06/2023	Aula Virtual	Realizada	
				Aprazada	
				Pendente	

(E3. Emprego de entornos virtuais de aprendizaxe)

Área/s de mellora: B. COLABORACIÓN E INTERCONEXIÓN						
OBXECTIVO 4:	Coordinar coa ANPA e o concello xornadas de formación sobre seguridade na rede para ás familias.				Acadado	
Responsable:	Dirección				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Familias que coñecen o "Marco Galego de Competencia Dixital" (enquisa) Cursos realizados sobre a temática (observación)					
Valor de partida:	0 % Familias que coñecen o "Marco Galego de Competencia Dixital" 0 cursos realizados sobre a temática					
Valor previsto e data:	50% das familias que coñecen o "Marco Galego de Competencia Dixital" 1 curso realizado sobre a temática			30/06/2022		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
A04.1: Levar a cabo unha xuntanza coa ANPA e o concello para conseguir os recursos necesarios..	Dirección ANPA Concello	30/09/2022	Acta da xuntanza	Realizada		
				Aprazada		
				Pendente		

AO4.2: Desenvolver as charlas no centro nun horario asequible para a maior parte das familias.	Dirección ANPA Concello	30/06/2023	Persoa formadora especialista	Realizada	
				Aprazada	
				Pendente	
AO4.3: Realizar xuntanza de avaliación.	Dirección ANPA Concello	Ao final de cada curso escolar.	Acta da xuntanza	Realizada	
				Aprazada	
				Pendente	

Área/s de mellora: B. COLABORACIÓN E INTERCONEXIÓN						
OBXECTIVO 5:	Coordinar coa ANPA e o concello xornadas de alfabetización sobre as TIC para ás familias				Acadado	
Responsable:	Dirección				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Familias que coñecen o "Marco Galego de Competencia Dixital" (enquisa) Cursos realizados sobre a temática (observación)					
Valor de partida:	0 % Familias que coñecen o "Marco Galego de Competencia Dixital" 0 cursos realizados sobre a temática					
Valor previsto e data:	50% das familias que coñecen o "Marco Galego de Competencia Dixital" 3 cursos realizado sobre a temática (Básico-Intermedio-Avanzado)			Curso 2024 - 2025		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO5.1: Realizar curso de alfabetización básico.	Dirección ANPA Concello	30/06/2023	Persoa formadora especialista		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

AO5.2: Realizar curso de alfabetización intermedio.	Dirección ANPA Concello	30/06/2024	Persoa formadora especialista		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO5.3: Realizar curso de alfabetización avanzado.	Dirección ANPA Concello	30/06/2025	Persoa formadora especialista		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Os equipos cos que conta o centro neste momento son antigos e poucos e non permiten sacarlle partido á conexión por cable da que desde hai pouco gozamos. A súa renovación é unha prioridade, así como o aumento da dotación doutros recursos TIC. Un exemplo, as PDI están funcionando cos portátiles E-DIXGAL do profesorado porque os equipos orixinais hai tempo que quedaron obsoletos.

- **Recunchos TIC nas aulas** que non son E-DIXGAL imos necesitar:
 - **6 portátiles lixeiros** na aula de 1ºEP-2ºEP.
 - **6 portátiles lixeiros** na aula de 3ºEP-4ºEP.
 - **1 portátil lixeiro** para a aula de Infantil.
 - **1 armario de carga.**
- **Dotación para poder participar en vídeoconferencias desde as aulas e desenvolver videoclases a través da aula virtual:**
 - Instalación de **altofalantes** en todas as aulas.
 - Instalación de **cámaras web** en todas as aulas.
- **Biblioteca:**
 - **1 equipo** para a xestión interna
 - **6 portátiles lixeiros** para reemplazar os poucos equipos que temos como puntos de conexión a Internet para as persoas usuarias, e que hai anos que quedaron obsoletos.
 - **1 mesa táctil** para dar acceso ás persoas usuarias, entre outros servizos, ao catálogo virtual de fondos.
- **Equipos dos encerados dixitais:**
 - **1 portátil lixeiro** para a PDI da aula de Infantil.
 - **1 portátil lixeiro** para a PDI da aula de 1ºEP-2ºEP.
 - **1 portátil lixeiro** para a PDI da aula de 3ºEP-4ºEP.
 - **1 portátil lixeiro** para a PDI da aula de 5ºEP-6ºEP.
- **1 equipo** para **traballo administrativo.**
- **1 equipo** para o departamento de **Orientación.**

- **2 equipos** para a **sala de profesorado**.
- **1 plano actualizado do edificio escolar co cableado, eléctrico e de datos, e coa situación e as IP do equipamento** para facilitar aos/ás técnicos/as da UAC e de Premium a localización e solución de avarías coa maior axilidade posible

4. Avaliación do plan

O procedemento de seguimento do desenvolvemento do plan e da consecución de obxectivos:

- No contexto da avaliación procesual a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao trimestre. Os aspectos a valorar incluírán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.
- No contexto da avaliación final a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao ano. Os aspectos a considerar incluírán, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

5. Difusión do plan

Estratexia ou protocolo para a publicidade e difusión do plan dixital entre toda a comunidade educativa:

Publicación na web e comunicación ás familias a través de Abalarmóbil.